4.- Unha imaxe

A posibilidade de crear representacións fieis da realidade mediante vídeos ou fotografías, así como a facilidade que na actualidade podemos ter para realizalas mediante recursos accesibles a boa parte da poboación, como os teléfonos móbiles, fai que na nosa sociedade o emprego de imaxes sexa un elemento fundamental para a transmisión de información.

Cando empregamos imaxes nunha presentación ou en calquera outro tipo de comunicación con finalidade educativa, podemos buscar basicamente tres funcións distintas:

• Mostrar.

En primeiro lugar mostrar unha representación fiel do obxecto ou situación da cal estamos a falar. Neste caso as imaxes deben estar o máis desprovistas posible de elementos decorativos, mostrando unha imaxe descritiva e exacta da realidade onde non se perciba nin o estilo da persoa que a realizou nin aparezan elementos que distraian da descrición principal que se quere mostrar. Este tipo de imaxe pretende dar verosimilitude ao que se contou no texto, e son exemplos típicos de esta función da imaxe cando se inclúen imaxes de animais para falar deles, ou a imaxe dun personaxe, ou a dun monumento, etc.

• Explicar.

Outra función que tamén pode cumprir a imaxe é a de facer comprensibles os contidos complexos, permitindo entender as causas, as funcións, os efectos de determinadas cuestións que sería difícil explicar oralmente ou por escrito. Basicamente este tipo de imaxe o que permite é facer máis efectiva a comunicación. É, por exemplo cando vemos unha imaxe que presenta un corte transversal dunha fábrica e podemos ver o seu interior, ou se sinalan os elementos que compoñen un instrumento musical que se presenta con eses elementos separados.

• Engadir información.

Finalmente é posible incorporar imaxes nas que se presentan modelos gráficos que permiten explicar fenómenos, clasificar grandes cantidades de información, desenvolvendo esquemas e gráficos que posibilitan ordenar e comprender a análise dun fenómeno. As gráficas e os esquemas son exemplos deste tipo de imaxes.

Cando incorpores imaxes na túa presentación pensa en cal é a función que queres que cumpran. Queres que mostren algo que é difícil de atopar na realidade, queres explicar un concepto que é difícil de entender, como o funcionamento dunha máquina ou a estrutura interna dun ser vivo, ou polo contrario queres simplificar a información que lle vas transmitir ao teu alumnado.

Lembra

Cabezas, L. (2016).: *Dibujo Científico.* Cátedra. Madrid. Neste interesantísimo libro fai unha análise sobre a relación das ilustracións coa cienciada que presenta nunha extensa conferencia.



4.1.- Cuestións básicas sobre a imaxe

Como é posible que esta presentación que acabo de facer tarde tanto en cargarse? e agora queda colgada a computadora ao tratar de executar a presentación. Pasouche algo así algunha vez? Pois moi probablemente o motivo sexa que a presentación inclúe moitas imaxes, ou que as características das imaxes que tes incorporadas non son as mais axeitadas para facer presentacións.

Dúas son as características que debes ter en conta para seleccionar as imaxes para a túa presentación: O formato e o tamaño ou resolución.

• Formato.

Pódelo identificar pola extensión do nome do arquivo (as tres letras que leva o arquivo despois do punto) da imaxe, entre os formatos máis frecuentes que se poden empregar nas imaxes atópanse:





- **TIF.** Son arquivos dunha alta calidade, pero son arquivos moi pesados non recomendables para empregar nas presentacións.
- **GIF.** Son arquivos que permiten realizar animacións con varias imaxes e incorporar fondos transparentes
- **JPG.** Formato de moi alta compresión moi recomendable para fotografías ou debuxos moi complexos.
- **PNG.** Mellora o formato GIF en canto a compresión e calidade da imaxe pero non permite animacións.

Amplía

Aquí poderás ver máis información sobre os diferentes tipos de formatos que poden ter as imaxes.

Inicio > Imagen > Conceptos	básicos > Formatos de imagen	
Presentación	El pixel Resolución de imagen Profundidad de color Modos de color	
🚞 Páginas web	de imágenes PDF	
🚞 Imagen	Formatos de imagen	
Conceptos básicos	5	
Empezar con GIMP	Las imagénes digitales se nueden guardar en distintos for	
Optimización	acrocífica del archivo que la contiene. Los más utilizados en la	▼
	• • • • • • • • • • • • • • • • • • •	

• Tamaño.

As imaxes dixitais non se miden en milímetros ou centímetros, mídense en píxeles. Cando ves que unha foto que ten 300x100 píxeles quere dicir que ten 300 píxeles de ancho por 100 píxeles de alto é dicir ten unha resolución de 30000 píxeles, que é o seu tamaño total.

Algunhas veces poderás ver que se fala da resolución dunha imaxe falando de puntos por polgada (dpi), pero ese tipo de resolución só afecta ás características da impresión non ao peso da imaxe nunha presentación dixital, polo tanto antes de incorporar unha imaxe a unha presentación fíxate no seu tamaño.





Amplía

Nas aulas de Dixitalización e edición impartidas por Ángeles Saavedra Places no Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada da Universidade da Coruña se dan unhas orientacións interesantes sobre os formatos, tamaños e resolución das imaxes.

4.2.- Bases de imaxes

Para incorporar imaxes na túa presentación tes a opción de realizar ti mesmo as fotografías que precises, mais non sempre é doado realizar a fotografía apropiada para mostrar como é un glaciar ou da cara do primeiro presidente de Galiza, nese caso é bo saber en que bases de imaxes podes buscar a que necesitas.

Estas son algunhas das páxinas máis populares que ofertan o servizo de aloxamento de coleccións de imaxes que poden ter relación con ámbitos educativos.

• Flickr

Ten unha versión gratuíta e unha de pago. O servizo permite buscar imaxes, cunha sección especial de Creative Commons que poden ser de especial interese para a súa aplicación educativa. Permite a busca por multitude de criterios. <u>https://www.flickr.com/search</u>.

• Easelly

As infografías son recursos gráficos de especial interese educativo xa que permiten transmitir información doadamente. Easelly é un servizo que permite crealas e tamén buscalas para incluílas nas túas presentacións. <u>http://www.easel.ly</u>

Banco de imaxes Intef

Este Banco de imaxes e sons é unha iniciativa do Ministerio de Educación, a través do Instituto de Tecnoloxías Educativas, que pon a disposición da comunidade educativa recursos audiovisuais baixo licenza Creative Commons.

GOBIERNO DE ESPANA Y DEPORTE	Banco de imágenes y sonidos
Buscador: ₃ Cómo buscar	Primaria - ESO - Bachillerato Portada Creaticos Condiciones de diso Crear cuenta Acceder Sonidos Crear cuenta Acceder Sonidos
Primaria, ESO, Bachillerato Formación Profesional	✓ Ilustraciones

Repositorio da Consellería de educación

Este repositorio non está especialmente ben deseñado para poder atopar doadamente imaxes, pero pode ser un recurso para atopar peixes, crustáceos ou moluscos de Galiza que sería complicado atopar doutro xeito.



Lembra

Existen outras moitas páxinas que ofrecen imaxes de forma gratuíta e libres de dereitos, ben por ser de fotógrafos particulares que as poñen a disposición de calquera persoa, ou ben de institucións públicas ou privadas que deixan abertos os seus fondos. A continuación citamos algunhas delas.

- **Pexels.** <u>https://www.pexels.com</u> Colección de imaxes que podes empregar nas túas presentacións e das que non necesitas nin sequera citar a procedencia.
- **StockSnap.** <u>https://stocksnap.io</u> Outra importante base de fotografías de uso libre sen necesidade de citar a procedencia.
- **Stock Up.** <u>https://www.sitebuilderreport.com/stock-up</u> Un buscador de imaxes libres de dereitos.
- **Splashbase.** <u>http://www.splashbase.co/</u> Un fondo máis reducido pero tamén sen necesidade de citar a procedencia.

Amplía

Todos os recursos que se citan neste curso son de uso libre e gratuíto, pero é posible que nalgún caso poida resultarche de interese empregar imaxes que só se atopan en bases de fotografías que poden ser mercadas. O recurso non é excesivamente caro e pode ter interese para un centro ou para ilustrar un proxecto que teña asignada unha dotación económica. O que se indica a continuación é un dos máis coñecidos. http://www.istockphoto.com/es

4.3.- Axustes da imaxe

Seguramente, en moitas ocasións foiche preciso realizar algún axuste á imaxe que querías empregar nunha presentación. Isto é o que se denomina habitualmente retoque fotográfico e para facelo é necesario posuír unha grande competencia profesional e requírese o emprego de programas especializados que necesitan unha formación que excede as posibilidades deste curso.



Dende aquí imos ensinarche unha ferramenta que podes empregar on-line, é dicir ,que non require que descargues, nin instales nada na túa computadora. Evidentemente as súas posibilidades son moito máis reducidas que as doutros programas residentes, pero as súas utilidades son suficientes para unha persoa que queira facer algún axuste nunha imaxe para colocala nunha presentación.

Vexamos como facer unha pequena edición dunha fotografía coa ferramenta <u>befunky</u>. Empregaremos esta ferramenta pola súa facilidade de uso, e, aínda que non ten versión en galego, pódese empregar en castelán ou en portugués entre outros idiomas, non necesitas rexistrarte e ademais é moi intuitivo.

- 1. Accede a https://www.befunky.com/
- 2. Pulsa no botón central **GET STARTED** para comezar a editar.
- 3. Na parte superior esquerda selecciona **EDITOR DE FOTOS**. Seleccionando **DISEÑADOR** poderás acceder a multitude de padróns de cartaces, marcalibros cabeceiras de web, e outras moitas imaxes predefinidas.
- 4. Pulsa en **CARGAR** e selecciona a imaxe que queres . A túa imaxe pode estar na túa computadora, <u>Drive</u>, <u>Dropbox</u>, ou dende outros espazos en liña.
- 5. Unha vez aberta a fotografía, Befunky permite despregar varias barras de ferramentas en cada unha das cales inclúe múltiples opcións, algunhas delas son exclusivas da versión premium.
 - Unha das opcións é a de cambiar tamaño, aquí poderás axustar o tamaño da túa imaxe ao lugar onde irá na presentación, un tamaño entre 1024 e 800 píxeles de ancho é o recomendable para unha imaxe a pantalla completa. Darlle un tamaño maior fará máis lenta a execución da túa presentación.
 - 2. Na opción de tinte poderás poñer a fotografía nunha cor que combine coa paleta da túa presentación.
- 6. Fai estes axustes e outros que precises e despois pulsa en **GUARDAR**. Nese momento poderás decidir o formato no que queres gardar a imaxe (jpg ou png) e variando a barra de calidade poderás comprobar o peso que terá finalmente a imaxe.

Baixando a calidade poderás comprobar que o peso da imaxe vai baixando proporcionalmente.



Amplía

Aquí tes outros programas en liña para retocar fotografías que non precisan nin sequera estar rexistrado para comezalos a usar.

- Fotor. http://www.fotor.com/
- Sumopaint. <u>http://www.sumopaint.com/</u>

Unha imaxe

Licenciado baixo a Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0

Arturo Iglesias